

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG12I1OR		24-09-18 10:13

Número 25 .- Proposta da concelleira delegada de Deportes  
relativa á adxudicación do contrato "servizo e dotación de  
infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o  
desenvolvemento do evento deportivo denominado "Festa do  
Deporte".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na  
sesión que tivo lugar o día 21 de setembro de 2018, previa  
declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o  
seguinte acordo:

**25 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES RELATIVA Á  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "SERVIZO E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURA,  
LOXÍSTICA, PERSOAL E SINALÉTICA NECESARIOS PARA O  
DESENVOLVEMENTO DO EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO "FESTA DO  
DEPORTE".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de  
Compostela do informe-proposta, de data 20.setembro.2018, da  
proposta da concelleira delegada de Deportes. Así mesmo, do  
informe de Intervención favorable con observacións, número  
573/2018 da mesma data, e carácter de reparo non suspensivo  
con motivo do inicio.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"**Noa Morales Sánchez**, concelleira delegada de mocidade, deportes,  
mercados e benestar animal, vista a proposta da mesa de contratación  
da licitación "Servizo e dotación de infraestrutura, loxística,  
persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento  
deportivo denominado "Festa do Deporte", consonte aos termos  
establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de  
contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009  
de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de  
Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1211OR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 24-09-18 10:13

Primeiro: Con data 13 de setembro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador RSENDE IMAXSON SLU.

Segundo: Con data 20 de setembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa RSENDE IMAXSON SLU (CIF: B70239835), por un importe de 31.525 euros (IVE aparte 21%: 6.620´25 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete cinco carpas adicionais e dúas persoas a maiores para persoal de atención e unha a maiores para persoal de locución.

Designase como técnico municipal director responsable do contrato a D. Juan Garabato Rodríguez, técnico en programación e xestión deportiva.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 22609."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa RSENDE IMAXSON SLU (CIF: B70239835), por un importe de 31.525 euros (IVE aparte 21%: 6.620´25 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas; así mesmo compromete cinco carpas adicionais e dúas persoas a maiores para persoal de atención e unha a maiores para persoal de locución.

*Dependencia*  
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de  
Santiago de Compostela  
38.- DPAIG

Sello o Certificación Mecánica

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1211OR		24-09-18 10:13

Designar como técnico municipal director responsable do contrato a D. Juan Garabato Rodríguez, técnico en programación e xestión deportiva.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 22609.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~



